Datas: do **7 de setembro** ao **7 de novembro de 2018**

Horario: martes a sábado: de 9:00 a 16:00, festivos: de 10:00 a 13:00
domingos e luns: pechado

CONCELLO DE RIVEIRA

Deputación DA CORUÑA

XUNTA DE GALICIA

barbantia

Asociación Cultural Barbantia
Centro Social . Rúa Principal, nº 77 - 4º andar
15930 Boiro . Tlf: 981 842 635
www.barbantia.org . www.barbantia.es
@barbantia Asociación Cultural Barbantia

Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital

Artes - Lugar de Outeiro s/n 15969 • Ribeira - A Coruña
Tel.: 981 871 342
fundartes@gmail.com . www.facebook.com/museodeartes
www.riveira.es/museodeartes



ARTE BARBANTIA VI

BarbantiaArte

Descúbrenos, atoparás cousas marabillosas

Datas: do **7 de setembro** ao **7 de novembro de 2018**
Horario: martes a sábado: de 9:00 a 16:00, festivos: de 10:00 a 13:00
domingos e luns: pechado

Edita:
A. C. Barbantia

Colabora:
Concello de Ribeira

Imprime:
Gráficas Garabal

D.L.:
C ###

I.S.B.N.:
C ###

Asociación Cultural Barbantia
Centro Social . Rúa Principal, nº 77 - 4º andar
15930 Boiro . Tlf: 981 842 635
www.barbantia.org . www.barbantia.es
@barbantia Asociación Cultural Barbantia

Fundación Museo de Artes
Artes - Lugar de Outeiro s/n 15969 • Ribeira - A Coruña
Tel.: 981 871 342
fundartes@gmail.com . www.facebook.com/museodeartes
www.riveira.es/museodeartes

Pilar Ageitos | Jontxu Argibay | Teresa Argibay | Álvaro Arizaga Castro
ARTEGUIGLO: Guille de la Paz e Gloria López | Manuel Ayaso | Teté Baluja | Lucía Barreiro
Nacho C. Beiro | Rosana Calvo | Cristina Carou Mayo | Paco Casal | Antoñeta Castro | Pol Cobas
Jesús Costa Beiro | Xerardo Crusat | Ricardo Dávila | Manuel Del Río | Salvador Fernández Laíño
Josías Figueirido | Fontaíña | Paola García Paz | Liduvina González | Sandra González
Teresa González | Virginia González | Neru Herreros | Aurora Lestón Mayo | Aida López
Nuco Losada | Mecky Maceiras | María Magán | Vanesa Mariño | Mónica Paula Montero Parcero
Ana Moreiras | Elia Núñez | Rosa Odenwalder | Xandra Pardo | Marian Paredes | Maralla Paz Franco
Pedras, Artesanía e Patrimonio | Soledad Penalta | Luís Polo | María Regueira | Andrés Rial
Ester Rincón Benzalá | Ricardo Rincón Benzalá | José Manuel Riveiro | Manuel Rodríguez Varela
Lucía Romaní | Manuel Romero | Carmen Sampedro | Marijo Sampedro | Olegario Sampedro
Delio Sánchez | J. D. Santarelli | Inés Silvalde | SonAgasallo | Tantino | Manuel Teira | Che Tembra
José Luís Veiras Manteiga | Laura Vilasó | Pura Villar

BarbantiaRte VI

Creación e confluencia

Por sexta vez, festa da Arte no Barbanza, confluencia de creadores da pintura, a escultura, a fotografía, o gravado, instalacións, APP, e todas as manifestacións artísticas dunha bisbarra chea de talento, de vida, de diálogo con nós e co mundo. Arte no Barbanza, non arte do Barbanza: sen determinismos físicos, só creatividade de mulleres e homes nun territorio. Confluencia, pois, de miradas diversas, de sensibilidades diferentes, de realidade e soño, de formas e ideas, de xeracións. Arte viva, estado da cuestión artística neste 2018, festa dos sentidos.

Confluencia de dúas vontades, a do Museo do Gravado de Artes, dedicado á estampa, que abre as súas instalacións ás outras artes, e dunha asociación cultural, Barbantia, creada en 2005 coa vontade, preferente, de promocionar a creación literaria, pero que dende 2012 quixo estender o seu campo de actuación a todos os creadores, provocar un lugar de encontro e diálogo, de pracer e reflexión, e que atopou abertas as portas e a vontade do Museo de Artes para facilitalo: confluencia de propósitos, defensa da liberdade creadora, polifonía de xeracións, consagradas e emerxentes, para amosar a todos, a vitalidade creadora no Barbanza.

BarbantiaRte reúne neste día e lugar multitude de vontades creadoras, convivencia de artistas, divulgación das súas obras, fiestra ao mundo da sensibilidade que se prolonga na edición deste catálogo para gardar memoria, testemuño da confluencia máxica da creación dos nosos creadores e creadoras, en diálogo libre entre si e cos espectadores. Un esforzo colectivo para desfrutar e reflexionar, para mostrar quen somos e que facemos, unha confluencia de vontades libres para crear, para compartir, para suxerir e para reflexionarmos. Arte en diálogo. Arte en confluencia.

Xoán Pastor Rodríguez Santamaría
Director
Museo do Gravado

OBRAS

Pilar Ageitos

Esta obra é unha reflexión, unha preghunta, sobre aquilo que nos devolve o mar: plásticos e pateiras, mighrantes de países pobres fuxindo cara aos países ricos, plásticos, escravos, caiucos, refuxiados fuxindo das gherras cara aos países en pas. De fondo, unhas cartolinas salpicadas con tinta chinesa vermella utilizando un spinner.

Para isto axudáronme Sabela Vázquez e Celia Franco, dúas das miñas alumnas duns 10-11 anos, que me empuxaron a facer e presentar esta obra despois de contarlles a miña idea inicial. Coa calor do verán e a desidia que ás veces me caracteriza, desistira de facela, e elas, que coñecían de que ía a cousa, fixeron a parte inicial, o fondo vermello, para obrigarme a min a facer o resto. Apostaron por min e pola idea, e estoulles agradecida, aínda que quizais, se a ven rematada, serán bastante críticas e diranme en que cousas debín mellorala para adecuar o resultado final a unha idea prometedora. Busquei na Internet os billetes dos dez países máis pobres e dos dez países máis ricos e fotocopieinos en papel vexetal. A iso vén o de *"Good Luck"* porque, dependendo de onde che toque naser, tes máis probabilidades de ter menos valor que un plástico á deriva no oséano que de ser un consumidor que se pode permitir o luxo de mercar esa bolsa de plástico cada ves que vai ao súper.

Web: www.pilarageitosfuentes.wordpress
Móbil: 670 522 046

GOOD LUCK (BOA SORTE). PROPOSTA DE BANDEIRA PARA O PLANETA TERRA

Técnica mixta
130 x 210 cm
2018

Valquiria (01/25)

Técnica Mixta
38 x 12 x 16,5 cm
2018

Jontxu Argibay

Castiñeiras, 1976

Valquiria (Aguiño, 2018)

Durante toda a miña vida sentinme atraído pola mitoloxía, non só polo seu misticismo ou imaxinación, senón pola orixinalidade dos seus personaxes. Por iso, a día de hoxe volto a ela, para dar a miña propia visión e redeseñala cun ADN galego.

Valquiria é unha escultura que se afasta no formal da definición de libro e pretende mostrar o que para min significa esta figura mitolóxica, que estivo sempre en segundo plano e baixo a orde do, para min, déspota de Odín.

Así vos mostro a muller forte, valente, e con forza. Unha loitadora, que o leva no sangue e non pode máis que sucumbir ao seu destino. O de ser quen é, unha figura unida ao mar, unha serea das que non se fabrican, que debes admirar e ter en conta porque sempre te sorprende e pode sempre coas adversidades, porque cando aparecen son as primeiras en facerlles fronte.

Así que, querido espectador, cando te atopes cunha Valquiria, sexa de mar ou de terra, ten en conta o seu ser especial, e nunca subestimes a súa beleza interior e exterior.

Mail: jontxuargibay@gmail.com
Tlf.: 646 031 995

Teresa Argibay

Mail: argibay2010@hotmail.com

Serenidad azul

Óleo sobre lenzo
90 x 90 cm
2018



Álvaro Arizaga Castro

Gravados realizado no Obradoiro de Gravado da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital.

Mail: alvaroarizagacastro@gmail.com

Sen título

Augaforte e augatinta
16,8 x 11 cm
2018

Guille de la Paz
ARTEGUIGLO

Esta obra conceptual, na que un balón de fútbol, que simboliza todo o deporte, grande, impoluto, novo –que loce así porque leva a gran maioría do diñeiro público– destrúe un pequeno cadro, unha obra de ARTE. Trata de representar, de xeito reivindicativo, a pésima distribución dos orzamentos que, para a cultura e o deporte, posúen os concellos ou deputacións.

Con esta obra quero reivindicar unha maior inversión orzamentaria de diñeiro público na cultura en xeral e na Arte en particular, de modo que os artistas dispoñan dun cartel e un catálogo cando expoñen a súa obra en calquera centro social ou cultural, que se contrate unha persoa que abra e peche o centro cultural público as fins de semana que é cando a cidadanía dispón de tempo de ocio e poida ir ás exposicións, que se apoien as súas iniciativas de fomento da Arte que repercuten na comunidade, como as residencias artísticas, a creación de espazos públicos de arte contemporánea, que se fomenten os concertos de música con grupos locais, que se apoie os artistas ou empresas locais nas iniciativas culturais de feiras ou mercados da arte, implicando a cidadanía na participación das mesmas.

En suma, que os concellos se comprometan a unha aplicación dos orzamentos de cultura ao mesmo nivel e cantidade que inverten en deporte.

Orzamentos municipais de Cultura

Técnica mixta
20 x 20 x 21 cm
Agosto 2018

Gloria López
ARTEGUIGLO

Todas as artes

Óleo sobre lenzo
90 x 95 cm
2018

CONTACTO ARTEGUIGLO:

www Arte guiglo

Guille de la Paz
Gloria López Paz
arteguiglo@gmail.com
gloria_l_paz@yahoo.es
guilledelapaz@yahoo.es

ARTE GUIGLO
Binomio Creativo

Manuel Ayaso

Mail: ayaso.manuel@yahoo.com

Sentir a pintura, vivila apaixonadamente dende a máis cálida infancia, é unha mercé reservada aos menos. Este é o caso de ***Manuel Ayaso****, o artista aguiñense, orixinal e non doadamente clasificable nun estilo determinado pero que brilla con esplendor propio no almanaque dourado da arte. Nel, a vida, a historia, os soños e a representación interactúan no espazo artístico do lenzo como mimese mais tamén como ausencia: isto é, como beleza. En xeral, as súas claras e manifestas referencias surrealistas, o uso persoalísimo que fai das formas, e serodiamente da cor, vincúlano cun expresionismo europeo de tipo humanista.*

Un gravador de carácter romántico, cun alto sentido románico da fantasía, da forma e mesmo da composición. Un creador para quen o método é a cara oculta dunha imaxinación desbordante que executa co esmero e o rigor dun Durero ou dun Rembrandt, entre o azar e o rigor programado.

Sen título

Punta seca sobre metacrilato
50 x 50 cm
2018

Teté Baluja

Mail: tetebaluja@hotmail.com

Vitoria de Samotracia

Gravado calcográfico, augaforte, augatinta
Unha prancha de zinc de 30,8 x 23,5 cm
Papel: Súper Alfa de 250 g de 38x28 cm
Exemplar: B.A.T.
Unha tinta cor negra

Lucía Barreiro

«No te *lleves tu recuerdo*
déjalo solo en mi pecho.
Temblor de blanco cerezo
en el martirio de *enero."*

Federico García Lorca

Mail: lucia_breg@outlook.com

Recordos

2017
Técnica mixta: fibra de vidro, óxidos, madeira
37x17x12 cm



Nacho C. Beiro

Mail: nachocbeiro@hotmail.com

Descomposición astral

Augaforte, punta seca
70 x 95 cm
2018

Rosana Calvo

Mail: rosscalvo14@gmail.com



Atavismo

Debuxo
85 x 68 cm
2017

Libre

Óleo sobre lenzo
100 x 80 cm

Cristina Carou Mayo

Mail: cris.davinci@hotmail.com
Móbil: 639 209 205

Paco Casal

Paco Casal, pintor nado en Ferrol en 1956 afincado en Aguiño (Ribeira-A Coruña) comeza a pintar en 1985, estudando a obra do pintor Vázquez Doce. Tras pasar por diferentes talleres de pintura e gravado así como estudos doutros pintores, expón os seus traballos con regularidade desde 1990, compartindo a afección pola pintura con outras ocupacións laborais ata o ano 2010, data na que pasa a dedicarse plenamente como profesional ás artes plásticas, fundamentalmente pintura e gravado.

Mail: pacocasal.pintor@gmail.com



Momentos

Acrílico sobre táboa
Espátula
100 x 100 cm

Antoñeta Castro

Ana Simal

Pastel
30,5 x 48 cm
2017

Pol Cobas

Non é máis ca unha fotografía dunha exhibición de taekwondo, pero unha sorte de casualidades cunha base conceptual puramente cómica, poden xerar na imaxinación o tolo recordo do que queiras: a Asunción da virxe de Tiziano, sen anxos a Transfiguración de Rafael, con fiestras María de Medeiros de Juanma, sen drogas o Hallelujah de Heandel ou o Salve de Evaristo unha alegoría á levitación e á concentración absolu*ta para chegar á **** divindade, o momento exacto de Cartier, 1933 o Birdy de Alan, obsesivo ou o mesmo JC, sen cruz*

Fátima do Espírito Santo

Fotografía dixital sobre papel Hahnemühle
50 x 75cm



Paseo del silencio

Acrílico sobre tea
90 x 40 cm

Jesús Costa Beiro

Mail: jmcbeiro@gmail.com

Xerardo Crusat

"... así no bastan los huesos y la carne para construir un rostro ya que este está calificado por la mirada, el rictus de la boca y por las arrugas y por todo ese conjunto de atributos con que el alma se revela...". Ernesto Sábato.- *"Sobre héroes y tumbas" (II -17/18).*

Son breves as palabras coas que Sábato semella describir a fasquía de Alejandra Vidal polo que esta pintura nin é un retrato nin ten consideración algunha de serenidade nin de esperanza, senón que vén sendo a "evocación" amarga e desesperada e é preciso construír a faciana a través da traxedia de Martín e Bruno, desprendida da forza literaria: resulta polo tanto incerto que as cores que a pintan teñan que ver coa condición de alegre; ten, pola contra, esta cabeza de pómulos aindiados de mapuche ou guaraní un ollar patagónico, un *"rostro ansioso pero ya de antemano desesperado, como si la ansiedad (es decir la esperanza y la desesperanza) pudieran manifestarse a la vez... como un murmullo apagado..."*. "A un dios desconocido" (IV – 379)... *¿De donde venía el alma de Alejandra?, parecía venir desde el fondo del tiempo... las manos duras y ávidas con su rostro apretado y anguloso... "Los rostros invisibles"* (IV e V – 128). E é por todo isto que tento dar tregua, alento ou redención aos atributos do rostro/materia, do rostro/alma no que á fin o máis cruel ceda na semblanza da memoria do que foi amado, venerado, algunha vez idolatrado.

Xerardo Crusat. Agosto de 2018.
Mail: xerardocrusat2@gmail.com
Móbil: 638182809
Enderezo: R/ Marcial del Adalid, 1 – 3º B - 15960 Ribeira (A Coruña)



Alejandra Vidal, evocación

Técnica mixta sobre táboa
100 x 120 cm
2015 / 20017

Ricardo Dávila

Ricardo Dávila nace no Muíño Vello, entre a Pobra e Palmeira. Un artista arraiano que, dende os murais de temática galeguista feitos n´A Coruña na década dos 60 até as escultopinturas policromadas en madeira de oliveira, Ricardo ten pasado por deseños abstractos ao xeito de Henry Moore, por volumes ocos inspirados en Bárbara Hepworth, por pezas que lembran o brutalismo de Leiro ou De la Vega. Apaixonado polo retrato, é quen de esbozar e de modelar rostros sen descanso, e de aprenderlles aos pequenos os segredos do barro, sen esquecer a escultura en pedra. Un artista total!

A *Muller espida*, feita en castiñeiro, ten un tratamento cubista de figuración mediterránea quizais por ter vivido o autor en Andalucía a maior parte da súa vida?) que representa unha *Venus Paleolítica*.

Venus Paleolítica

Escultura en madeira de castiñeiro
Medidas: 85x45x22
2016-2017

Manuel del Río

Ten realizado exposicións individuais e colectivas en distintos concellos do Barbanza e participado en numerosos concursos de pintura.

Móbil: 630 065 215

Enredos

Fibra de vidro policromado
Baleirado a molde perdido
100x70 cm
2018

Pecado orixinal

Técnica mixta / DM
49 x 66 cm
2018

Salvador Fernández Laíño

O pecado orixinal implica certa idea de inocencia. Pero, onde queda hoxe en día a inocencia?

John le Carré

Mail: sflaino@gmail.com

Josias Figueirido

Josias Figueirido naceu en Ribeira en 1983. Os seus intereses artísticos fan que viva en Londres por oito anos e máis tarde viaxe a Estados Unidos onde reside dende o ano 2014. Recibiu un Máster en Belas Artes pola Pennsylvania Academy of the Fine Arts (2017), un Posgraduado en Debuxo polo Royal Drawing School (2010), e a Licenciatura en Belas Artes pola London Metropolitan University (2008). Participa en residencias artísticas tales coma The Fabric Workshop and Museum en Filadelfia (2015), Dumfries House en Escocia (2016), e recentemente na Heyman-Moritz en Italia (2018). Entre outras exposicións colectivas participou na Royal Academy Summer Exhibition (2013). A súa última exposición individual titulada "Give a light that I may walk safely into the unknown" tivo lugar na galería Marginal Utility en Filadelfia (2017). A obra de Josias atopase en colecciónes coma The Hosrseman Collection (St. Louis, EEUU), Paintings in Hospitals Collection (Londres, UK), e no museo Francisco Fernández del Riego (Vigo, España).

Mail: josiasfigueirido@gmail.com
web: www.josiasfigueirido.com

Sen Título

Óleo e acrílico sobre lenzo
30 x 30 cm
2018



A remo pola ría

Acrílico sobre madeira
61 x 76.2 cm

Fontaiña

"Gústame crear arte porque sei que ao final da miña obra sempre atopo algo interesante e gratificante"

"Me gusta crear arte porque sé que al final de mi obra siempre encuentro algo interesante y gratificante"

Web: jmfontaina.wixsite.com/artwork
Mail: jmfontaina@yahoo.com

Paola García Paz

Primeiros comezos dun proceso creativo.

Herbas dos camiños, herbas das cunetas e dos tellados, herbas que rompen o plano do cadro, herbas que compoñen un espazo íntimo. Malditas herbas! Herbas das falsas crenzas, herbas míticas, ás veces daniñas ou mortais, herbas que adornan as nosas terras, peste de herbas!

Daquela, unha sinxela folla ou unha pequena flor son a escusa perfecta para que forma, cor e fondo xurdan dos lenzos brancos do pensamento.

Mail: paolagp2009@gmail.com

4 esbozos. Serie: Herbas malditas, malditas herbas

Lapis grafito sobre papel 370 g
65 x 90 cm
2018

Liduvina González Lustres

Estampas realizadas no Obradoiro de Gravado da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital.

Peixeiras

Punta seca e mixta, entintado á poupée
Tres pranchas, tres tintas
23 x 16,5 cm
2018

Sandra González

Mail: sangon.ds@gmail.com



Sen título

Linóleo
I tinta
20 x 33 cm
2017

Marina

Óleo sobre lenzo de algodón
Espátula
71 x 50 cm.
2017

Teresa González

María Teresa Gónzález Rivas (A Pobra do Caramiñal, 1955).

Comeza a pintar fai sete anos. As súas preferenzas son as cores azuis.

Ten realizado catro exposicións, a última con Xoán Fernández.

Enderezo: Xunqueira, 24, A Pobra do Caramiñal

Tlf.: 619 176 715

Virginia González

Como definir a paisaxe? Malia intentar obxectivar unha mirada, a paisaxe pódeo comprender todo. A súa forma non está delimitada previamente, é unha proxección da mente, un espello no que a memoria traballa co tempo.

Ver e non ver sempre están en relación de reciprocidade coa sombra e a luz, e combínanse coa percepción dos encontros e discordias dos suxeitos nos desprazamentos. A enerxía da observación queda suspendida nun terceiro intervalo: a incerteza.

A promesa dun novo espazo para a emigración e o tráfico de culturas. Un novo horizonte que convida a ir (se).

Antoni Muntadas

Muntadas, CGAC 17 febreiro 2018

Nunca proxecto ao exterior exercicios falsos de estilo para xogar o xogo nun sistema latente, que inclúe principalmente solucións redundantes.

"Un creador non é quen resolve problemas, pero si quen os levanta ... e se a afirmación de Antón Chekhov non está clara no ámbito da creación, é hora de admitir que estamos confundidos de medio e mesmo de mundo.

... a poesía das fendas é o estado intrínseco-emocional do pensamento.

Todo o meu traballo artístico baséase nun procedemento enerxético, lento, moi lento como antídoto contra o mal da présa e a tolemia. O valor do paso do tempo e do seu consumo medido son unha parte esencial do proceso de creación ...

"O mal da présa", que o meu pai adoitaba dicir "ninguén se para por ninguén"

Antoni Socías

La comodidad puede matar

"Pés na terra"

José Antonio González Rey. Meu pai



Analoxía da paisaxe. Mirada e Ilusión

Fotografía dixital
40 x 40 cm
2018

Neru Herreros

As dúas pezas tratan de amosar a idea de coidado, esperanza e conexión coa natureza que nos rodea. O **Cachalote** *embocado é unha fantasía de bosque e cornos que emerxe dun xeito máxico para facer de chan dunha matrioska que sempre reflicte a idea de muller e tenrura co territorio. A peza* **Avante carballo** *fala do deserto ao que estamos abocados, a seguir así coa queima dos nosos bosques e animais. Do noso patrimonio inmaterial. O corazón do revés é o símbolo dunha pena pola necidade da economía fronte ao espazo natural de bosques e montes. O carballo destaca sobre o fondo queimado levado por un paxaro ca súa semente de esperanza.*

Mail: coloreaneru@gmail.com

Cachalote emboscado e Avante carballo

Técnica mixta sobre pratos de polbeira
15 cm de diámetro
2018

Mª. Aurora Lestón Mayo

Tríptico de escenas cotiás na cidade de Santiago de Compostela, recollidas nas rúas. Estas viñetas foron parte da primeira fase dun traballo de experimentación marcado pola espontaneidade, tanto na temática coma nos materiais a empregar. Estes tiveron que axustarse á inevitable inmediatez dos debuxos. Aquela veu dada polos momentos irónicos, peculiares ou directamente absurdos que un pode atopar calquera día en calquera vila ou cidade.

Mail: auroraleston@yahoo.com

Días soltos en Santiago

Bolígrafos de distintos grosores e rotulador
53 x 29 cm
2017-18

Sen título

Serigrafía
22 x 45 cm.
2018

Aida López Fernández

Aida López Fernández, graduada en Belas Artes na Universidade de Vigo.

O tema principal do meu traballo é Galicia. Nela atopo, a través do azar, diversas pegadas que nos deixa a natureza e o paso inexorable do tempo. Neste caso optando poa representación de árbores con tinta branca sobre un papel xaponés da mesma cor; desta xeito o espectador debe descobrir, case revelando co sentido da vista, esta sutil e delicada imaxe da realidade.

Mail: aidalopezfdez@gmail.com

Nuco Losada

Mail: riodexeixos@hotmail.com

Escravizándonos

Fibra de vidro
60 x 22 x 12 cm
2018

Mecky Maceiras

A Pobra do Caramiñal, 1972

As imaxes atópannos en calquera intre e lugar, ás veces temos a ferramenta para inmortalizalas e gardalas; noutros casos quedan na nosa memoria, atrapadas, cara ao noso interior, e facémolas nosas, por necesidade propia e persoal.

Nesta ocasión, a maneira que tiña de atrapar esta imaxe, froito dun azar buscado, foi co meu móbil, á man nese intre.

Non importa a calidade da imaxe, nin sequera o soporte que se use: a contemplación do espectador, a súa interpretación, é a misión da mesma.

Serie Paxaros

21
Fotografía dixital 45x60
móbil Huawei P8 Lite 2017
50 x 65 cm
2018

Comenza na Fotografía no ano 2012, acudindo a diferentes talleres:

Iniciación, narración fotográfica, Photoshop, Light painting, Cámara estonopeica, Taller de elaboración dun proxecto e a súa edición, Laboratorio en b/n e revelado, fotografía co teléfono móbil...

Participa en varias exposicións colectivas como *Novex9* que percorre diferentes lugares do Barbanza; *Territorios*, no Grove, que entra dentro do Outono Fotográfico, *BarbantiaRte*, en diferentes edicións, e *Nós-Outras*.Tamén expón de maneira individual, *In Memorian*, na galería O Faiado, e *Páxaros de Barro*, en Noro. Actualmente traballa en diferentes proxectos fotográficos de índole persoal e de autor.

Mail: Mecky@hotmail.es
Whatsapp: 630 738 283

María Magán

Mail: mmaganlampon@gmail.com

Choof

Costura e acrílico sobre tea
120 x 80 cm
2017



Vanesa Mariño

«Agora en terra
arredado de min mesmo
por un oucéano de singladuras
o vento da Ría
vai virando a folla de cada emoción
-O Sol indiferente
Sirena augardentosa dos vapores"
De catro a catro

Manuel Antonio

Mail: vanesinhamarinho@gmail.com
Móbil: 679 068 551

Dende o Castelo da Lúa

Fotografía dixital
70 x 44 cm
2017

Mónica Paula Montero Parcero

Esta obra está inspirada nun poema místico de Farîd ud-dîn Attâr (1158-1221) titulado, *O coloquio dos paxaros*, unha fábula sobre a busca existencial e o autocoñecemento.

Mail: cronopiam@gmail.com

Na percura do Simurgh

Materiais de refugallo
2018

Ana Moreiras

A creba humana está inspirada nunha publicación sobre xente refuxiada de *Eldiario.es*

Mail: moreiras26@gmail.com

A creba humana

Acrílico sobre madeira
Crebas de madeira sen imprimar recollidas nas praias de Lira
40 x 80 cm
2017

Elia Núñez Bárez

Esta aplicación foi creada a modo de libro de artista. Un libro de artista cun formato novo, contemporáneo. Con ela preténdese resaltar a necesidade dunha evolución na exposición da arte, no seu desfrute e no modo que temos de compartilo.

As **#WARPAINTINGS,** ou pinturas de guerra dixitais, foron creadas para seren expostas e distribuídas de xeito dixital. Primeiro, en forma dunha instalación na que, a través dunha coñecida aplicación de mensaxería instantánea, se distribuían a todo espectador que o requirise, contactando coa artista para solicitalo, e agora a través desta aplicación.
Na era dixital parece necesario que a arte se volva tamén realmente dixital, e que a súa distribución sexa a través deste medio, ou se vexa modificada por el.Vivimos nun mundo cada vez máis líquido, que implica unha fluidez que deberá verse reflectida nas distintas manifestacións artísticas.

Todas as imaxes dispostas nesta aplicación están sometidas a unha Licenza Creative Commons segundo a cal podes compartilas e incluso modificalas SEMPRE que:

- menciones a súa autoría inicial e os cambios realizados nelas.
- as compartas baixo o mesmo tipo de Licenza.

Neste libro de artista dixital preséntanse cinco series de #WARPAINTINGS:

- @presents
- Mauritania
- Reykjavík, mon amour
- Casa
- Aquí 2018

Descarga gratuíta en:
IOs & Android
Web: www.elianunezbarez.com
Mail: info@elianunezbarez.com







#warpaintings app

Libro de artista dixital en formato app dispoñible gratuitamente en iOS e Android, series de pinturas dixitais, medidas variables segundo dispositivo.
2018

Castelao

Debuxo Dixital - Serigrafía Vectorial, impresa en Gicleé
45 x 60 cm
2018

Rosa Odenwalder

Castelao é a primeira peza dunha composición de retratos dedicada aos tres escritores galegos máis importantes da historia, símbolos do noso pobo. A tríade completa inclúe Rosalía de Castro e Valle-Inclán.

Este traballo é reivindicativo destas figuras como referentes necesarios na buscaa da dignidade para a lingua e a cultura galega, e a continuidade da loita ante situacións e opresións socio -políticas de antano, que perduran a día de hoxe.

Isto maniféstase a través do branco e negro no retrato, simboloxía de tempos grises, de emigración e exilio, de caciquismo e pesadumes, que contrasta cos tons verdes, sepias e turquesas, cores do labrego e do mariñeiro, a modo ondas, que son valedoras dos aires, do mar, da terra e do espírito galego.

Instagram: @rodenwalder
Mail: rosaodenwalder@gmail.com

Xandra Pardo

Estampas realizadas no Obradoiro de Gravado da Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital.

Mail: x_scotlandreams@hotmail.com

Lúa durminte e Primavera

Linóleo
I tinta
27 x 22 cm cada un
2018

Marian Paredes Villaronga

O mar serve en ocasións como receptor da nosa incertidume, ofrecendo a súa danza como escoita.

Se hai unha constante na obra de Marian, esta é a liña ondulante.

Nesta ocasión, unha ONDA condúcenos sen límite a un percorrido cara aos pensamentos máis íntimos, diluídos no inmenso océano das emocións.

Mail: mapavi88@gmail.com
Tlf.: 676 824 149

A onda

15 x 11 x 14 cm
2018

Paz Franco – Maralla

Mail: marallabalieiros@hotmail.com

A maior parte da obra de Maralla, a pintora de Corrubedo, é matérica. Tamén se podería denominar como expresionista. E, sen dúbida, non mentiriamos se a catalogamos como informalista profundamente expresiva, o mesmo que se aventurou na arte pop ou no retrato.

Canto ao tema, hai tres palabras que a poden definir: mar, mar, mar... Porque a Maralla, como pintora, acáelle perfectamente a afirmación orteguiana de ser ela e as súas circunstancias. E foi de máis figuración a máis abstracción, da pincelada máis lena a outra máis pastosa, densa.

A súa pintura é un puro xogo de luz e cor, onde a flora e a fauna mariñas, os derrelictos,os círculos, as nebulosas líquidas, as ondas, a escuma... brillan con presenza propia. O propio ceo é visto con ollos de salitre e serea.

Nela, o proceso importa tanto coma a contemplación da obra acabada. O o soñado máis ca o visible.

Baleas e sereas

Óleo sobre lenzo
146 x 114 cm
2017

Chove miudiño

Cartón pedra
30 x 18 x 15 cm
2018

Pedras. Artesanía e Patrimonio

Como chove miudiño,
como miudiño chove;
como chove miudiño
pola banda de Laíño,
pola banda de Lestrove.

Rosalía de Castro: *Cantares galegos*

Peza pertencente á colección *Ailalelo*, inspirada en cancións, poemas e ditos populares galegos. Son creacións artesanais en cartón pedra, pezas decorativas de sobremesa ou parede que beben do noso patrimonio inmaterial, da música popular e da cultura tradicional de Galicia.

Pedras, Artesanía e Patrimonio é un obradoiro artesán inscrito no rexistro de artesáns da Xunta de Galicia (nº 10015) que realiza creacións en cartón pedra nas que se mesturan o papel co vimbio, arame, madeira ou o téxtil.

Mail: pedrasartesan@gmail.com
Web: https://pedrasap.wordpress.com

Soledad Penalta

As dúbidas, as preguntas, a insatisfacción impulsan a creación, esta involucra o máis profundo do ser, implica anos de traballo, exercitación, experimentación, horas e horas de soedade e de silencio, onde a forma non existe, está no baleiro da "non acción", do pensar, os comezos, as destrucións, o esperar, ata chegar a asimilar, dixerir, incluso vomitar, algo que é plasmado na creación. É un acto de creador, é un soñar, un soñarse, é resolver a dialéctica entre o espazo interior e o espazo exterior, de fóra co adentro. O instante creador é, como foi o evento máis inicial que cada un viviu, o cero, pasar de ser nada, só memoria, a ser un ser; é descubrir ou inaugurar algo, de min, definitivo, moito máis orixinario que un saber, un comprender, ou un actuar.

Soledad Penalta
Escultora

Académica da Real Academia de Belas Artes de Galicia
R/ Fornos, 5 (Sueiro)
15198 Culleredo (A Coruña) España

http://soledadpenalta.com/
http://soledadpenalta.blogspot.com/
Mail: soledad.penalta@gmail.com
Móbil: 629 319 140

Implacable Selección

Aceiro inoxidable manuscrito
120 x 150 x 150 cm
2017
Fotografía: ©Iñaki Abella



Sálvora

Conxunto de 5 fotografías realizadas de mar á terra mostrando partes do arquipélago que son descoñecidas para a gran maioría das persoas.
A técnica de procesado é básica, modificando a luminancia: así dá un aspecto pictórico. As medidas de cada fotografía son de 13 x 18 cm, nun global de 97 x 35 cm. Todas as fotografías foron realizadas no 2017.

Luís Polo

Iníciome na fotografía no ano 82, na fotografía deportiva como principal actividade. No ano 84 concédenme o premio á mellor fotografía do Rally de Montecarlo. Durante varios anos colaboro con varios medios de Francia, España e Andorra. No ano 2016 sae á luz o libro *Percebeiros de Aguiño*. Na actualidade colaboro con diferentes medios, Axencia Galega de Noticias, El Progreso, Diario de Pontevedra, Faro de Vigo, La Razón, Mundiario e institucións como a Xunta de Galicia.

Teño realizado varios proxectos divulgativos sobre os procesos de pesca e as súas artes de pesca nas lonxas de Galicia (Lonxa de Cambados, Lonxa de Cabo de Cruz).

Luis Felipe Polo
Telf.: 649 841 590

Web: www.galiciadefoto.com
Mail: info@galiciadefoto.com

María Regueira

Eu non son quen quixera ser.
Non son a que debería ser.
Non son o que a miña nai quería que fose.
Nin sequera son a que fun.
Eu son quen son.

Jorge Bucay

Mail: cachudita@gmail.com
Tlf.: 647 569 817

Damiña entre as flores V
(BAILARINA)

Acrílico en lenzo
54 X 73 cm
2018



Andrés Rial

" Nadie encuentra su camino

sin haberse perdido varias veces..."

Nacido en Alemaña en 1972. Actualmente residente en Boiro.

Fotógrafo afeccionado. Membro da Asociación fotográfica "Ollaparo". Aparece periodicamente en varias exposicións colectivas e individuais en diferentes concellos da comarca.

Mail: andres_perez_rial@hotmail.com

A senda

Fotografía dixital
Cámara Canon EOS 6D con obxectivo Tamron de 28-75 mm
Exposición 0,3 seg. a f/16
Non se usou flash. Distancia focal 63 mm
Técnica receada con Adobe Cámara Raw
40 x 50 cm
24 de abril do 2018

Ester Rincón-Benzalá

O Quixote, un xeito de ser e sentir, a esaxeración dos ideais humanos, a loita dialéctica, sen tregua, entre os nosos xigantes mentais e os muíños de vento da realidade, cun resultado sempre incerto e desigual, ai!

Voamos como soñamos e aterramos como tememos, e ás veces tamén ao revés: esa é a grandeza do espírito, sempre vivo, do idealismo realista cervantino. Porque inda que un sexa "máis versado en desditas que en versos" coma o noso autor, todo o mundo se esforza en escribir o máis fermoso poema e, á fin, debuxar o rostro da felicidade nos beizos. Nos nosos e nos alleos.

O Quixote é ilusión, imaxinación, tolemia, inda que a morte nos esperte completamente cordos. Como di Sancho ao final, "a maior loucura que pode facer un home nesta vida é deixarse morrer sen máis nin máis, sen que ninguén o mate nin outras mans o rematen, agás as da melancolía". Vivamos coma quixotes. Morramos coma sanchos!

Mail: esterrinconbenzala@gmail.com

Quixote

Gravado en prancha de zinc
Coloreado con tinta e papel de arroz
Medidas: 13 x 18 cm
2017

Ricardo Rincón-Benzalá

De pé, ergueita a pequena columna, tatuada de liques, alza a cabeza, un vello testo que peitea o céspede coroado de estrañas flores carmesí.

Centenaria, leva escritas na súa pel invernos de intenso frío e auga, néboas e xeadas. Agora, inmutable perante o abafante sol de verán, preside a entrada ao xardín onde buliga a vida.

Mail: Rincónbenzala@yahoo.com
Tfno. Móbil: 678660162

O pedestal

Óleo sobre lenzo
81x65 cm
2018

José Manuel Riveiro

Sen coñecementos previos e de maneira autodidacta, xurdiu o talento de José Manuel Riveiro, que se iniciou no mundo da talla artística da madeira grazas a outra afección: a crianza de canarios, que realiza como afeccionado hai xa máis de dez anos. Precisamente desta última afección xorden as primeiras tallas, feitas á man en madeira: figuras de canarios da raza *gloster* do propio aviario. Dada a aceptación entre amigos e familiares, foi creando distintas tallas, fundamentalmente de animais do contorno da Barbanza, en tamaños variados, axudándose de ferramentas como amoladoras e motoserras.

Incursión dorneira xorde coma homenaxe ás rías galegas, á extracción tradicional da ameixa en embarcación dorneira e ao paraíso mariño que se atopa nas nosas costas.

Mail: sonagasallo@gmail.com
Tlf.: 644 770 179

Incursión dorneira

Talla de madeira a motoserra mesturada con resina de poliéster
47 x 38 x 36 cm

Manuel Rodríguez Varela

Obra pertencente á colección *Fraxilidade*, que o autor considera o estilo máis orixinal das súas creacións artísticas.

Mail: joseantoniovilal@hotmail.com
Tlf.: 669 872 317

Alborexar

Tintas sobre papel
100 x 70 cm
2018

Lucía Romaní

"Cada cousa que vemos cobre outra, e gustaríanos moito ver o que nos oculta o visible..."

René Magritte

Detrás de cada corpo visible ocúltase un segredo, o que en realidade é, somos. Espazos soñados, deshabitados e inaccesibles, currunchos silenciosos, distantes e alleos horizontes envolven e protexen o nu, e soamente quen olla tras o visible pode desvelar o oculto, no seu desexo de descubrirse.

Cada corpo, natureza, convértese nun retallo dun cotián no que é preciso deterse –adentrarse–, perderse e atoparse, e poder deste xeito comezar a escoitar as formas que nos falan internamente como murmurios ao oído.

Lucía Romaní
Ribeira (A Coruña), 1981
Web: www.luciaromani.es

Os dous mundos (revelación)

Acrílico sobre lenzo
30 x 60 cm
2018

Manuel Romero

Soidade e inocencia son o tema deste grupo de caras que quixen plasmar evocando a miña nenez. Despois intentarei facer outros grupos de caras que buscarán falarnos da vellez e da xuventude, ou o pouco que a vida nos poida ir deparando nunha sociedade sen escrúpulos.

Obra comezada o 3 xullo de 2017 e finalizada o 17 de xullo dese mesmo ano.

Face 2

Óleo sobre lenzo
140 x 100 cm
2017

Carmen Sampedro

Enredo

Acrílico sobre lenzo
73 x 60 cm
2017



Se puede hacer más grande, pero no más clara

Pintura no campo expandido.
Pintura e cosido á man.
Pintura acrílica fluorescente, agulla e fío
20 x 20 x 2 cm
Agosto 2018

Marijo Sampedro

Cando un se achega á obra de Marijo, o primeiro que lle vén á cabeza é a súa enorme capacidade recicladora Para ela nada escapa á susceptibilidade de transformarse en obra, nunha peza de arte. Coñezo esta artista dende hai xa case cinco anos, vivín gran parte destes anos rodeado das súas cousas, escoitando as súas presentacións, e vendo parte do seu proceso artístico e creativo. O seu espazo de traballo di xa moito dela, é unha curiosa mestura entre un laboratorio creativo, un desguace ou un faiado da avoa en proceso de síndrome de Dióxenes. Non coñecín a ninguén con esa capacidade de persuasión neste sentido de aproveitamento e reciclado, que leva da súa vida cotiá á súa vida artística dun xeito natural, consciente e constante. Tampouco a ninguén con tanta paixón en todo o que fai, materialíceo ou non. Diría máis, é unha activista, unha guerrilleira da sostenibilidade, do comercio xusto, do consumo intelixente, razoable, dunha forma de vida consecuente en todos os seus aspectos. E nese exercicio de coherencia, a súa obra non podía escapar a todos estes conceptos e prácticas. Máis que prácticas, militancia, diría eu.

Miguel Ángel Sanmartín Teijeiro

Mail: malfeytho@gmail.com

Olegario Sampedro

Fragmentado
nun manso mar
de camiños preñados
con xílgaros insomnes.
Velaí, estoupo;
mentres,
un pano de papoulas
vixía o meu fracaso.

Mail: olesam@edu.xunta.es

Fragmentado

Instalación composta dunha fotografía enmarcada cunha copia somerxida en líquido conservante, e un poema adxunto.
Instantánea en branco e negro tomada con luz natural con cámara réflex
Nome arquivo: *Fragmentado*
Colección: *Queimados*
40 x 60 cm
Agosto 2018

This time the dream´s on me.

Óleo sobre lenzo
120 X 120 cm
2018

Delio Sánchez

Inspirado nun clásico do jazz americano, na versión de Charlie Parker, flúen as notas en xestos improvisados de pintura abstracta, onde a harmonía cromática, o material empregado e a xestualidade cobran todo o protagonismo, nun discurso persoal, informal e íntimo.

O autor pretende con esta obra un diálogo pausado co espectador, coa única intención de facer sentir libremente, deixando a cada quen a liberdade da súa propia interpretación.

J. D. Santarelli

"Hablamos sobre los recursos naturales como si todo tuviera una etiqueta con el precio"

"Falamos sobre os recursos naturais como se todo tivese unha etiqueta co prezo"

Artista plástico e deseñador gráfico nado en Montevideo e radicado en Ribeira. Comeza dende moi novo coa súa vocación pola arte, a pintura e o debuxo. En 1980, vivindo en Asunción (Paraguai), agrega a técnica da serigrafía e aerografía aos seus traballos. É contratado como director de publicidade na vía pública, tema onde queda atrapado durante varios anos no fascinante mundo do deseño gráfico comercial para prensa e televisión.

As súas obras atópanse en Arxentina, Punta del Este, Canadá, EE.UU., Paraguai, España, Italia, México, Chile, Colombia e Francia.

WEB: www.redcamelot.com/santarelli
Móbil: 638 547 048



Relaciones impropias: Don Mar Azul con Doña Basura Gris

Óleo sobre lenzo
120 m x 90 cm
2018

Inés Silvalde

Pouco a pouco aparecen os bonecos na vida cotiá, na mesa da cociña, entre o pan e o coitelo, entre o queixo e o touciño.

Aí están, formando un bodegón diverso no que as cores e as escalas axudan a montar un mundo paralelo, unha escenografía surrealista.

Unha coreografía vixiada por unha mirada perdida que retoma, de vez en cando, o camiño da realidade para volver a ese circo de animais e persoas que brillan na escuridade. Esquecer para volver aos principios.

Fóra de lugar e tempo, un corpo segue intentando retomar a realidade do día a día, para alimentar con migas de pan unha familia de plástico.

Avó

Óleo sobre lenzo
73 x 92 cm
2017

Sonagasallo

A idea de SonAgasallo parte do gusto pola natureza e os antigos traballos artesanais. Inicialmente traballáronse distintas tallas grandes reciclando troncos atopados na praia ou que tiñan por destino o lume. O salto aos complementos e xoias xurdiu da inquietude de achegar a todo tipo de públicos a madeira e as súas posibilidades, reducindo o tamaño das pezas ata crear microtallas, pintadas á man e incrustadas nunha resina que as protexe. Así creáronse os distintos tipos de aneis, colgantes e pendentes, fusionando a madeira con resinas que lles achegan distintas tonalidades, encapsulando paisaxes, natureza, escenas e monumentos.
Son pezas únicas, realizadas á man, artesanalmente, que perdurarán no tempo grazas á protección da resina.

Mail: sonagasallo@gmail.com
Tlf.: 644 770 179

Xoias naturais de SonAgasallo

Madeira tallada fusionada con resinas tintadas

Atardecer con árbores e regato

Óleo sobre lenzo
100x81cm
2018

Tantino

"En cen pasos hai máis de mil paisaxes, só tes que mirar"

Tantino (Constantino Rodríguez Gómez) Isorna-Rianxo ,1957.

Nace como paisaxista. Agora volve á paisaxe, sen renunciar a nada. Sempre pensou que o que fan os demais é superior. Quere seguir aprendendo, creando, deseñando, buscando sempre superarse a si mesmo, contribuír e compartir.

Admirador das sombras de Velázquez, das luces de Sorolla, do gran Miguel Anxo Buonaroti, pero tamén de Paco Leiro, Ramón Conde, de Rodin, de Gustav Klimt, Kandinsky, Miró, ou do xenial academicismo de Raúl Gil Burés, do facer de Quintana Martelo, das mensaxes da obra de Salvador Figueira "Laíño". Amante absoluto do gran Antonio Gaudí e orgulloso de formar parte dunha terra e dun lugar únicos, onde o talento rebenta todos os límites... Non?... ¿Comparamos?

Manuel Teira

Taller de Creación Artística
Devesa, nº 6 A
A Pobra do Caramiñal

Tlf.: 646 137 655

Mail: teiraluaces@gmail.com

Facebook: mteiraluaces

En Manuel Teira cúmprense os tres presupostos esenciais do bo artista: a aprehensión inmediata, a intelixencia emocional e a habelencia técnica. E con esa inmediatez que xorde das mans, irracional, inconsciente e intuitiva, acomete o proceso da creación.

Incardinado nas últimas tendencias da arte, nel, a beleza devén un concepto polisémico e amplo. O seu pincel –e o seu cicel– ten moito de *action painting* irreflexiva e automática, propio dos usos surrealistas nos que bebe o expresionismo americano, e onde o azar e a improvisación cobran corpo no lenzo ou na pedra. Talvez as súas querenzas pola música, en concreto o jazz, teñan algo que ver.

Nesta linguaxe sentimental e rebelde da pedra, proclive a todas as formas e expresións, tan de noso, ofrécenos hoxe este *Home-peixe*, esta caricatura de *Pescador con peixe* figurativa pero idealizada. Na arte, o esencial é só visible para os ollos do corazón, como ben aprendemos do Pincipiño.

Home peixe

Talla directa
Granito do país
50 x 43 x 18 cm.
2017

Guernika

Ferro e aceiro inoxidable sobre táboa
192,5 x 105 cm
2018

Che Tembra

Tlf.: 697 320 564

Facebook: Che Tembra Redondo

Para ninguén é un segredo que os dotes de Che Tembra, escultor, véñenlle do Vulcano, deus adestrador do lume e do ferro, e experto en ferruxes candentes.

Dende hai xa tempo, vén matinando en reproducir o Gernika, esa obra cimeira do cubismo, e hoxe da humanidade. Porque pintada ou esculpida, o pesadume é o mesmo: o martirio dun pobo inocente por respirar e estar ese 26 de abril de 1937, onde debía: cos seus.

Mulleres, sobre todo mulleres, e nenos –a dor da maternidade–, e vellos, e mesmo animais, no horror dunha guerra, inxusta e incivil, por primeira vez contra un pobo civil e inocente. Pero, sobre todo, contra o soño nacente dunha democracia plebiscitaria.

No Gernika celébrase a barbarie, o drama, non a vitoria. O único heroe é o sufrimento, a dor humana, que Picasso e o Che ofrecen con respecto e dignidade, pero con maxistral dramatismo.

José Luís Veiras Manteiga

Enderezo: Millaradelo, 1, Camboño (Lousame)

Mail: veirasluis@yahoo.es
Móbil: 696088054

Composición con mesa branca

Acrílico sobre lenzo
100 x 92 cm
2018

Floreiro ao solpor

Óleo sobre lenzo
60 x 73 cm

Email: laura@vilaso.net
Páxina web: www.vilaso.net
Tel. (+34) 981 801 704
698 174 358

Laura Vilasó

Natural de Pobra do Caramiñal (A Coruña, Spain), **Laura Vilasó** conta con estudos de deseño, modelado, esmaltes (Escola de Artes Mestre Mateo, Santiago de Compostela), cerámica, policromía, debuxo e pintura, e seguiu cursos de escultura en pedra, deseño de xoias e outros.

É membro do Centro Internacional de Difusión da Arte do Esmalte (CIDAE, Barcelona) e do CICE de Londres, e participou en 1993 en dúas exposicións (**Universidade de Berkeley** e **Museo Iberoamericano de California**, USA) dentro dunha mostra selectiva do último e máis novidoso esmalte español.

En 1994 mostrou a súa obra en **París** (Casa de Galicia) e **Santiago de Compostela** (Real Aero-Club). En 1995, **Alemaña** (Galerie Hock Grasslin, de Wolzach), **Santander** (Artedeco), **Arxentina** (8º Salón Internacional do Esmalte Artístico, en Bos Aires) e **Xapón** (The Clpisonne Jewrly Contest. Syosenkyo Ropeway Shippo Museum, de Tokio).

En 1996 e 1997, en **Madrid** por invitación do Women's World Banking. En 1999 na II Exposició Internacional El Món de l'Esmalt do Museo de **Salou** (Salou) e en 2000-2002 na Primeira Feira Virtual da Muller Europea, un proxecto comunitario do **Banco Mundial da Muller**. En 2013 exhibe a súa obra completa no Pazo da Peregrina de **Bertamiráns** (Ames, A Coruña).

Desde o 2000 compatibiliza o esmalte cos óleos.

Pura Villar

Mail: puravima@gmail.com

Solpor

Acrílico e cinza sobre lenzo
80 cm de diámetro
2018

BarbantiaRte